

“Oigo, Patria, tu aflicción”

1808–1814: Crónica da francesada

JOAQUIM VENTURA

Cando estamos xa con case medio ano 2014 vencido, sorprende que desde as instancias oficiais (Goberno, Coroa, Cortes, Forzas Armadas, universidades) ou privadas (fundacións, prensa) haxa un silencio practicamente unánime á hora de considerar a conveniencia de conmemorar e, por que non, tamén celebrar os dous séculos transcorridos desde que rematou a guerra librada contra a invasión das tropas napoleónicas, comunmente chamada Guerra da Independencia (“Oigo, Patria, tu aflicción” escribiu na súa “Oda al Dos de Mayor” Bernardo López García (1838–1870). Un silencio que contrasta, sen embargo, cos boatos ad nauseam dos dous séculos da primeira Constitución española, aprobada en Cádiz en 1812. A que responde tal diferenza?

Se facemos un repaso simple á historia de España –considerando como tal a suma dos reinos de Castela–León, Aragón e Navarra–nunca foi invadida na súa totalidade despois da chegada dos árabes en 711 ata que o fixeron as tropas francesas enviadas por Napoleón Bonaparte. E despois da marcha de estas, tampouco houbo máis guerras provocadas por un inimigo exterior: ou foron guerras civís (as tres carlistas e a guerra de 1936–1939) ou foron guerras en territorios coloniais propios ou alleos. Tal circunstancia –nin que fose polo tópico da paz cos nosos veciños– xustificaría algunha conmemoración.

Pero non. Silencio absoluto, talvez porque xa ficou queimada a pólvora hai dous anos, cando a dereita política española –a mesma que aínda non condenou o franquismo e que segue a negar a memoria lexítima dos vencidos– e a coroa enchéronse a boca de constitución, cando a “Pepa” de 1812 foi aprobada á contra da política que ata entón levaran os Borbóns.

A guerra que comezou en 1808 coa insurrección

dos madrileños marcou o inicio da España contemporánea, polo menos en canto á división da cronoloxía histórica. Unha guerra

que tivo todos os elementos para unir persoas de criterios dispares, opostos incluso, nunha mesma empresa patriótica. As tropas france-



Tumba de Sir John Moore (A Coruña).



Escena do 2 de Maio de 1808.



Recreación da batalla de Ponte Sampaio (1809).

sas traían o código civil e os dereitos cidadáns pero como simple escusa para a expansión imperial bonapartista.

Claro está que se temos en conta como actuou o restaurado Fernando VII en 1814 –que daquela estragou calquera anaco de lexitimidade– é mellor que algúns garden un prudente silencio. Non por iso está de máis lembrar que estar a favor das ideas libertarias que encarnaba a nova Francia non significaba estalo verbo das tropas invasoras. A guerra rematou co Tratado de Valençay en decembro de 1813 e Fernando VII regresou a Madrid a cinguir a coroa herdada do seu pai, Carlos IV. Pero non tardaron as forzas reaccionarias, co chamado *Manifiesto dos persas* presentado por sesenta e nove deputados autoalcomados de patriotas, estando o novo rei aínda en Puçol, camiño de Madrid, en pedir que abolise a constitución e restaurase as leis e institucións do Antigo Réxime (absolutismo, Inquisición).

Logo da vitoria, España apostou por un futuro estéril

Uns días despois, con aquel berro de “¡Vivan las cadenas!”, Fernando VII restablecía o absolutismo: os españois volvían a ser súbditos mentres os máis dos outros europeos pasaban a ser cidadáns. Tal situación deixou en situación crítica a aqueles que desexaban un futuro de liberdade e de imperio da razón. Decontado foron convocados consellos de guerra contra os contrarios ao absolutismo, que oficialmente pasaron a ser chamados “afrancesados” malia que moitas veces tamén rexeitasen a presenza das tropas bonapartistas.

Inclinada a balanza da política e da ciencia cara ao lado da reacción, España perdeu boa parte da súa intelligentsia (artistas, médicos, mesmo cregos seculares) e apostou por un futuro desgrazadamente estéril. Cómpre acudir a estudos imprescindibles, como o de Miguel Artola *Los afrancesados*, con sesenta anos ás costas, ou *Tomàs Puig: catalanisme i afrancesament*, da man do historiador e político socialista Lluís Maria de Puig, fundamental para entender a Cataluña contemporánea.

Na Francesada, pola proximidade de Portugal, desde onde comezou a presión británica, Galiza puido ser dos primeiros territorios que quedaron libres da dominación bonapartista. Despois da vitoria francesa de Elviña (1809), que permitiu ao mariscal Soult chegar ata o Porto, a revolta popular galega gañou Vigo, Pontevedra e Ourense. Iso e a ameaza da perda de Madrid a mans do duque de Wellington fixo que os franceses tivesen que abandonar Galiza despois da súa derrota en Pontesampaio. Apenas seis meses de invasión nunha gue-

Unha guerra breve en Galiza

rra que aínda duraría seis anos máis.

Unha figura quedou para a memoria: Sir John Moore, morto na Coruña e cantado por Rosalía de Castro. Pero a valentía do pobo galego (incluída a fidalguía, xenerosa e belixerante, nin que fose polo medo ás novas ideas que traían os franceses) foille negada duran-

te anos polo patrioteirismo que só tiña ollos e gabanzas para a revolta do Dous de Maio madrileño, Bailén, o Bruc e as defensas das “inmortais” Zaragoza e Xirona. Recentemente, e pola man do coronel Navas Ramírez-Cuadrado, autor de *Victorias de Galicia*, houbo un chamamento á autoestima e a asumir a frase do irlandés duque de Wellington: “Españois, imitate aos inimitables galegos”.

En espera da restauración do rei, por primeira vez en séculos os galegos se gobernaban cunha Xunta Superior.